

A PERSONALIDADE INDEPENDENTE DE GOYA

CONTEXTO

Francisco de Goya é o máximo representante da arte española do século XVIII. É un dos pintores máis importantes da historia universal. **Vivió no tránsito do XVIII ó XIX, nunha España socialmente atrasada e políticamente reaccionaria.** Coñeceu o absolutismo, a Ilustración, o impacto da Revolución Francesa, a Guerra da Independencia, así como o reinado de Fernando VII.

En Europa estíbese a desenvolver o inicio da Revolución Industrial e as revolucións políticas intentaban acabar co Antigo Réxime. Economicamente intentábase pasar dunha economía basicamente agraria a unha de carácter industrial.

BIOGRAFÍA

Nace en Fondetodos, Zaragoza, en 1746. Morre en 1828 con máis de oitenta anos e vive durante un período de frecuentes cambios nos que reinan **cinco monarcas no trono español** (Fernando VI, Carlos III, Carlos IV, Fernando VII, José Bonaparte...). O autor tivo unha vida longa na que **podemos establecer etapas:**

- **Primeira época: 1771-1792 xuventude e madurez.** Tras a formación en Zaragoza, vai a Italia e logo aprende con Francisco Bayeu, pintor de Carlos III, quen o introduce na corte como pintor de cartóns para tapices da Real Fábrica de Tapices (1775-1792). Será nomeado **pintor de cámara** (dos reis Carlos III e Carlos IV). ***A pintura desta etapa é unha pintura rococó, alegre, feita cunha paleta rica e brillante: O quitasol, o cacharreiro...*** Tamén fará retratos dos nobres como: *A condesa de Chinchón...*
- **Segunda época: A partir de 1792** (deixa os cartóns) **comeza a quedar xordo, o que marca o seu carácter, pero como pintor gaña en orixinalidade...** así que comeza a **traballar o mundo do irracional** (os sonhos, as alucinacións, a loucura...). Foi liberal e viviu a Guerra da Independencia (1808-1814) e a **posterior reacción absolutista** (volta de Fernando VII).

Todo o anterior deixou unha fonda pegada ata o punto de que unha vez que fracasou o TRIENIO LIBERAL (1823) solicitou permiso a Fernando VII para abandonar España e trasladarse a Burdeos onde morrerá; alí recupera a calma e volve ás cores alegres.

Goya non so foi **pintor senon tamén gravador** e realizou series de gravados maxistrais como ***Los Caprichos, Los Desastres de la Guerra, A Tauromaquia e os Disparates.***

TRANSCENDENCIA PICTÓRICA DA ARTE DE GOYA *(OLLO!!!, poñer en cada obra, ao final)*

Foi unha obra orixinal cunha evolución que vai desde o Rococó e o Neoclasicismo ata o Romanticismo. O seu estilo inicial vai ir transformándose nunha linguaxe cada vez máis persoal coa que o pintor vai abrir camiños que logo serán explorados por distintas correntes da pintura contemporánea como o Impresionismo ou o Surrealismo. É un autor de obra inmensa e, en xeral, pódese dicir que a pintura do XIX e XX ten débeda con él.

COMENTARIO DAS OBRAS ABAU

OBRA: O quitasol

AUTOR: Francisco de Goya y Lucientes

CRONOLOXÍA: 1777

ESTILO: Rococó

TÉCNICA: Cartón para tapiz.



Este é un dos cartóns que Goya creou para a Real Fábrica de Tapices. Neste caso unha escea **con poucos personaxes**. O seu destino era decorar o comedor dos Príncipes de Asturias no Pazo do Pardo, o futuro Carlos IV. Este cartón facía parella con outro chamado *o Bebedor*.

Nesa época **os cartóns**, modelos para a fábrica de tapices, **tiñan pouco valor e a súa execución era considerada modesta**. O pintor realiza unha serie deles entre 1776-78. *Estamos nos inicios da súa pintura ao servizo da corte*.

Tema

Tema popular. Unha **escena costumbrista** (reflicte modas e costumes) propia da época e de **influencia francesa**. É un tema quizás inspirado nunha obra de Jean Ranc.

Descrición

Unha parella no campo, ela sentada e él que a protexe do sol cun quitasol.

- **A dama**, de pel pálida, coqueta e elegantemente vestida, á *moda francesa* (non como outras figuras femininas súas vestidas de xitanas, por exemplo). Leva elegantemente na man un abano. A rapaza **mira ao espectador** e ten no colo un **canciño** negro con lazo vermello.
- Está acompañada *dun criado ou pretendente, vestido de majo* (nome que identifica a un *personaxe popular madrileño* e que quere dicir valente, guapo, chulo...)

Están nun exterior, cunha **paisaxe idealizada ao fondo**. Son **figuras idealizadas e cun toque aristocrático** no caso dela. Non se sabe se o mozo a acompaña ou flirtea con ela.

Composición

A **composición é elegante**. Emprega un *punto de vista baixo xa que o tapíz ía sobre unha porta*. Sitúa as figuras en primeiro término **nun montículo** e ao fondo unha paisaxe. A composición **está pechada** polo muro e pola masa de árbores da dereita.

Podemos ver unha *composición triangular que transmite serenidade*, unha composición equilibrada ao xeito renacentista e con diagonais na parte posterior feitas: polo muro, o mango da sombrilla e a árbore. O punto de tensión, **onde converxen as liñas** é o rostro sorrinte da rapaza que se matiza en verdes polo reflexo da sombrilla.

Luz

A luz ten unha gran relevancia e os seus efectos, xogando coa sombrilla, que serve para matizar zonas fronte a outras nas que incide o sol con forza.

Cores

É o **máis destacado da obra**. Destaca contraste entre o **amarelo** da falda, o **azul** do corpiño e o protagonismo do **verde** do parasol. **Cores luminosas**, como o **amarillo**, o que fai que a obra sexa **alegre**. O rapaz ten ocres e chaleque vermello. Predomina a cor sobre a liña e vemos a **pincelada solta** en zonas como

o corpiño da muller ou o canciño.

Conclusión

É un tema abundantemente representado:

(A sombrilla era un obxecto de moda na pintura de xénero do século XVIII. Estaba presente casi sempre onde se encontraba unha mullere o seu cortexador ao aire libre, foi tan común que chegou a converterse nunha forma de identificar a galantería)

Pero a obra de Goya **destaca polo que de realismo ten**, un realismo que se acada con ese contacto visual entre a dama e o espectador como facéndonos partícipe do que ocorre ou que ela é consciente de ser vista. Tamén grazas ao achegamento das figuras, logra ese realismo.

Estamos na **PRIMEIRA ETAPA DO PINTOR**, unha etapa **chea de optimismo** e de esperanza no futuro (Ilustración). Logo Goya caerá no pesimismo (sordera) e os temas cambiarán. Na primeira etapa dos cartóns os temas son alegres e festivos. (A vendima ou A pradera de San Isidro) con tonos cálidos, luminosos e composicións ordenadas. QUE É O QUE ACABAMOS DE VER NO EXEMPLO.

Hai que dicir que irá evolucionando cara certo sarcasmo ou crítica social nos cartóns posteriores : O Cacharreiro, o Albanel ferido ou A voda...

OBRA: A familia de Carlos IV

AUTOR: Francisco de Goya y Lucientes

CRONOLOXÍA: 1800

ESTILO: Pintura neoclásica

UBICACIÓN: Museo do Prado

DIMENSIÓN: 2,80 x 3,36 m.


Paralelamente ao traballo para a fábrica de tapices realiza **retratos de corte**, coma este. Isto proporciónalle **éxito e prestixio**. O rei Carlos IV encárgalle este retrato colectivo. Nestes momentos Goya xa é un importante Pintor de Cámara, cargo co que culmina a súa carreira profesional.

Tema

Retrato da **familia real vestidos con traxe de corte, distintivos e medallas. COMO PREPARADOS PARA UNHA CERIMONIA** Para este retrato fíxo abundantes apuntes en Aranjuez.

Personaxes:

- María Luísa, a raíña, no centro con aspecto soberbio; Goya retratouna varias veces sen elegancia e sen refinamento.
- O rei, como un apacible bonachon á esquerda da raíña, desprazado.
- Logo o resto da familia (Fernando VII, Carlos María Isidro...) e o propio Goya nunha estancia. Todos eles están pintados **tal e como son**; so os nenos están vistos dun xeito máis tenro, con certa simpatía.



A opulencia coa que aparece contrasta coa **sinxeleza do escenario** onde só aparecen uns cantos cadros colgados na parede. Nun fondo que está moi próximo ao espectador igual que os personaxes **Que fan?** Os representados miran cara o espectador mentres o pintor, autorretratado, traballa nun lenzo.

Composición

As figuras **coma nun friso (composición clasicista, elemento neoclásico)** ante unha parede ao fondo; **non hai unha profunda perspectiva.** Os retratados forman dous grupos compactos que deixan no centro un espazo amplo ocupado polos reis e o fillo menor. A diferenza das Meninas de Velázquez, aquí **o espazo é agobiante**, non hai a perspectiva aérea nin a profundidade. Tampouco **hai a instantaneidade das Meninas.**

Técnica

É óleo sobre lenzo e as pinceladas teñen gran soltura, co que se notan texturas, transparencias e brillos. A pincelada vibra, permítenos adiviñar os **dourados, os encaixes, os veludos...** (ver as condecoracións do rei ou encaixes feitos a través de manchas). **Esplendor superficial. É un Goya máis maduro, técnicamente máis avanzado.**

Cor

A **gama cromática é rica, moi variada, excepcional:** sobresaen marelos, laranxas, brancos, vermellos, azuis sobre fondo ocre: é unha **familia esplendorosa.**

Conclusión

A quen está pintando Goya? : quizás a Godoy? Algúns queren ver no cadro máis ca un retrato, **unha caricatura da familia real.** Estes quedaron contentos co resultado e a carreira pictórica do artista consolidouse. É o **retrato de maior importancia que ten, tanto pola técnica como polo estudio psicolóxico que fai dos representados** (o aspecto frío de Fernando VII, a altanería da raíña, a dozura do pequeno...). **Non os idealiza senón que subliña a mediocridade e os defectos tanto físicos como morais que tiña esta familia.** Paralelamente xa publicara os *Caprichos* e empeza a facer unha pintura máis persoal.

Ler

(No conxunto dáse unha contraposición das gamas cálidas no lado dereito fronte á gama fría do lado esquerdo que veñen a quedar separadas polo branco e dourado dominante no centro nas roupaxes da raíña. Polo medio os toques de vermellos dan vivacidade. Se a composición tiña que ver co neoclasicismo, a factura (pincelada solta) en cambio, non lle debe nada)

OBRA: A carga dos mamelucos ou O dous de Maio.

AUTOR: Francisco de Goya y Lucientes

CRONOLOXÍA: 1814

ESTILO: Pintura romántica

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

UBICACIÓN: Museo do Prado



Este cadro, xunto co dos fusilamentos do tres de maio, representan o levantamento do pobo de Madrid contra os invasores franceses o 2 e o 3 de maio de 1808. Os franceses intentaban sacar de Madrid aos membros da familia real para Francia onde xa estaban o rei e o príncipe de Asturias. Os acontecementos prodúcense na Porta do Sol de Madrid este que estamos a ver...a carga dos Mamelucos) e na montaña do Príncipe Pio os fusilamentos.

O día 2 de maio o pobo de Madrid enfurecido enfróntase aos Mamelucos e prodúcese unha masacre. Ao amanecer do día 3 de maio os detidos polos enfrontamentos foron fusilados. A gravidade dos sucesos provocou o inicio da chamada Guerra da Independencia (1808-1814).

En 1814, ao remate da Guerra, Goya propón ao rexente daquela, Luís de Borbón, pintar aquelas accións que foran máis heroicas da Guerra da Independencia. Era un xeito de librarse da acusación de afrancesado do pintor.

Tema

Representa un feito real. Aparecen:

- Os **mamelucos**, eran mercenarios do exército francés.
- A **masa española son campesiños e habitantes da cidade** armados con coitelos e puñais.

Como o organiza?

No cadro hai sensación de multitud e grande axitación e desorden.

- En primeiro plano os españois, a pé, asaltan a un mameluco ao que derriban do cabalo e loitan corpo a corpo.
- Ao fondo masa de personaxes ácabalo e armados con cimitarras, e outros no chan, enfrontándose
- O escenario: a rúa, a Porta do Sol. A escena está ubicada coa representación ao fondo de elementos arquitectónicos que nos sitúan na cidade.

Composición

Pódese falar dunhas liñas diagonais que converxen cara o lado esquerdo (como **rectángulo oblicuo**) de xeito que leva a escena cara o interior.

O máis **resaltable é o movemento** tanto de animais (cabalos) como de figuras en variadas posición, que contribúen a transmitir esa **sensación de caos, axitación, desorde...**

Técnica

A pinxelada é solta e ampla en base a manchas de cor, como se ve no pantalón vermello que porta o mameluco. No cadro hai rico cromatismo (de cores cálidas) pero tamén os negros e brancos que anteceden ás pinturas negras.

Conclusión

A intensidade da obra fai que se **identifique co romanticismo**. Onde o vemos? Na exaltación ante a invasión e na defensa do propio o una paixón.

Está claro a quen apoia Goya, e o autor amosa a **desigualdade na loita entre exército armado e poderoso fronte ao pobo español, sen armas pero apaixonado**.

OBRA: Os fusilamentos ou O tres de maio

AUTOR: Francisco de Goya y Lucientes

CRONOLOXÍA: 1814

ESTILO: Pintura romántica

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

UBICACIÓN: Museo do Prado



Este cadro, xunto co Dous de Maio (A carga dos mamelucos), representan o levantamento do pobo de Madrid contra os invasores franceses o 2 e o 3 de maio de 1808. Os franceses intentaban sacar de Madrid aos membros da familia real para Francia onde xa estaban o rei e o príncipe de Asturias. Os acontecementos prodúcense na Porta do Sol de Madrid este que estamos a ver...a carga dos Mamelucos) e na montaña do Príncipe Pio os fusilamentos.

O día 2 de maio o pobo de Madrid enfurecido enfróntase aos Mamelucos e prodúcese unha masacre. Ao amanecer do día 3 de maio os detidos polos enfrontamentos foron fusilados. A gravidade dos sucesos provocou o inicio da chamada Guerra da Independencia (1808-1814).

En 1814, ao remate da Guerra, Goya propón ao rexente daquela, Luís de Borbón, pintar aquelas accións que foran máis heroicas da Guerra da Independencia. Era un xeito de librarse da acusación de afrancesado do pintor.

Tema

Representa un feito real. O fusilamento dos protagonistas do levantamento contra o exército francés. É unha pintura sen héroes.

Como?

A escena está composta por tres grupos:

- **Soldados da dereita**, o *pelotón francés, anónimos, sen rostro*, monecos con uniforme, coa mesma postura, a punto de disparar os fusís, coma se **foran unha máquina de matar**. Sen rostro para facelos mais inhumanos.
- **Grupo central**. Homes subindo ao montículo onde van ser fusilados. Tapan o rostro horrorizados.
- **Grupo da esquerda**: grupo humano no que *sobresae unha vítima de xeonllos, iluminada fortemente pola luz artificial do farol que se apoia no chan* (postura como a de Cristo). Rodeado por outros heroes deformados polo horror e o medo. Mortos aos pés e sangue.

Todo o dramatismo da escena está iluminado polo enorme farol cadrado (a luz da morte, quizais), tapado en parte polos soldados. O resto da escena desenvólvese na escuridade do amencer onde so se aprecia ao fondo o perfil dunha paisaxe urbana, **simplificada ó máximo**.

Técnica

Goya xoga coa luz:

- lado esquerdo, os **dos derrotados**, aparece **iluminado** e teñen variedade nas expresións (uns rezan, outros tapan a cara, outro ofrece ao sacrificio). O que **domina é o horror**. **Este é o verdadeiro centro do cadro: os que morren, a morte sen heroísmos, con todo o seu horror**.
- lado dereito, os **vencedores**, está escurecido, e os **soldados están cousificados**. Goya non os culpabiliza.

Este xogo de luces contribúe a dar dramatismo a escena. Goya emprega óleo cunha pincladas longa, fluída sobre todo nos fusilados mentres que é máis precisa nos verdugos.

Cores

Sobresae **o branco, o amarelo e o vermello** da sangue derramada.

Conclusión

Este cadro **representa a brutalidade da guerra, de todas as guerras**. É un cadro antibelicista. Non só relata un feito histórico. Goya **prescinde de heroes e pinta seres aterrorizados, derrotados**. O certo é que **se trata da primeira protesta ante a violencia e servirá de inspiración a moitos pintores posteriores como Manet ou Picasso**. Pódese considerar un **antecedente do expresionismo**.

OBRA: Saturno devorando aos fillos

AUTOR: Francisco de Goya y Lucientes

CRONOLOXÍA: 1819-23

ESTILO: Pintura negra. Entre o Neoclasicismo e o Romanticismo

TÉCNICA: Óleo sobre muro pasado a lenzo.

UBICACIÓN: Museo do Prado



Pinturas Negras

Nos últimos anos da súa vida Goya pintou ao óleo sobre a parede de xeso, na súa casa da Quinta do Xordo. Son as chamadas ***Pinturas Negras***. En 1819 mercara a finca coa casa ás beirado Manzanares para vivir coa súa compañeira Leocadia, alonxados da vida pública; alí volveu a superar unha enfermidade e buscou unha especie de retiro.

As pinturas negras supoñen **un cambio radical con respecto á pintura que facía**, achegándonos a unha pintura case expresionista (mundo do sonhos)

Que pintou?

Son os pesadelos dun home angustiado, triste e vello aos setenta anos. Varias escenas algunhas das cales seguen a ser de difícil interpretación como *O aquelarre*, *a riña a garrotazos*, *Saturno devorando aos fillos...*

Tema

Na imaxe temos un tema mitolóxico. Representa ao deus Saturno devorando ao seu fillo. Saturno é o deus romano equivalente a Cronos. Foi advertido polo oráculo de que un dos seus fillos o ía a destronar así que os comía para evitalo. É un dos cadros **máis terroríficos da historia da arte**

Descrición

Estamos nun espazo indefinido, escuro onde se representan dúas figuras:

1. **O corpo deforme do Deus que ocupa a maior parte do cadro:**

- Pernas inacabadas, fundidas co fondo
- *Brazos enormes e angulosos* que atrapan o corpo do fillo
- *Mans que agarran*, que apresan e se incrustan no corpo do fillo
- *Cabeza enorme*, con melena e ollos que se abren desorbitados
- Boca, negra, aberta en extremo que engulle o brazo do fillo
- Sangue derramada polos bocados do deus
- É unha *escena sobrecolledora*. É cruel.

2. **A figura do fillo:**

- *é máis pequena*, coma un corpo normal dunha persoa proporcionada, humana
- un corpo ao que lle falta cabeza e brazos.
- É unha *persoa adulta*.
- Hai un *forte contraste entre a cor da pel, clara máis o sangue* que brota das zonas onde opai deu os bocados.
- Asistimos a unha *ceremonia antropofáxica*. Goya **xoga coa deformación** para acadar expresión

Pincelada

Áxil, rápida, moi empastada como feita con vehemencia.

Cores

Funde as cores. Usa paleta escura, limitados: marrón, negro e grises, con braco e vermello. Predomina a cor sobre o debuxo.

Importancia

Son pinturas negras non so pola cor, na que hai ademais verdes, ocre...senon pola visión pesimista **que nese momento o pintor, decepcionado, ten.** Chama a atención a **economía de detalles**, son imaxes simplificadas pero que están **realizadas cunha grande liberdade.** **É o pintor libre que pinta na casa o que quere.**

Simbolismo- mensaxe:

Hai distintas interpretacións sobre todas as pinturas negras **e aínda hoxe os historiadores non chegaron a un consenso sobre a intención do artista:** hainas de temática cotía, mitolóxica e enigmática...**pero todas elas impactan nos ollos do espectador .**

Interpretacións:

- **Saturno representado como Cronos**, deus do tempo, pode significar **o paso do mesmo que todo o devora**
- Outros ven o corpo dunha muller e a **representación dos apetitos sexuais do home**
- **Pode relacionarse coa situación política, co absolutismo e o abuso do poder: Fernando VII e o pobo español.** Son a crónica negra da España do momento, unha crítica a España irracional, supersticiosa e ignorante do momento (*en España aínda se defendía nese momento a Inquisición*).

Estamos ante un antecedente do expresionismo no debuxo e na distorsión, e do surrealismo por amosar un mundo máis onírico que real.

A súa arte está directamente influída por Velázquez, Durero, Rembrandt, os paisaxistas ingleses...pero el racha coa tradición e crea un mundo propio.

- *É contemporáneo do neoclasicismo aínda que na súa pintura o debuxo que tanta importancia se lle daba perde valor en beneficio da cor.*
- *Relacionase co Romanticismo nos temas e no xeito de empregar as manchas de cor*
- *Ten conexións co Realismo*
- *Será antecedente do Impresionismo: as súas obras están realizadas en base a técnica de*

manchas de cor.

- É considerado un antecedente do expresionismo: movemento que aparecerá trala I Guerra Mundial
- Tamén é considerado antecedente do Surrealismo ó captar co seu pincel o mundo dos soños.

Goya como gravador (ler)

Goya realizou unha intensa actividade como debuxante e gravador. Fixo varias series traballadas coa técnica de augaforte e augatinta:

- **Caprichos**: posta a venta en 1799. crítica á superstición, a ignorancia, á ociosidade, a prostitución, en tono sarcástico. Retirounas pronto por medo á inquisición.
- **Desastres**: oitenta e dúas estampas de 1814. mostran o horror e crueldade da guerra. Son a serie máis dramática (empalados, degolados, mutilados...)
- **Disparates**: dezaioito gravados inacabada publicados en 1864. Chamados así pois este termo é moi empregado o pe deles. Temas variados: costumes populares, imaxes oníricas...
- **Tauromaquia**, realizados en 1816 aínda que algúns pensan que os realizou en Burdeos. Escenas taurinas.

